



Convocatoria para participar no Programa Atrévete 2014/2015



Este programa que se desenvolve no marco do Plan eduemprende vai dirixido a fomentar, motivar e sensibilizar ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria no espírito emprendedor.

Quen o organiza?

Esta acción establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e diferentes asociacións empresariais en favor do impulso da cultura emprendedora entre o alumnado e darlle a coñecer ao tecido empresarial da súa contorna.

OBXECTIVO:

O obxectivo deste programa é dar a coñecer ao alumnado directamente e a través do profesorado o tecido industrial da súa contorna, en concreto as empresas das diferentes asociacións empresariais colaboradoras, e sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora.

DESTINATARIOS:

Alumnado de 6º de Educación Primaria e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos.

NÚMERO DE PRAZAS:

O número máximo de alumnos/as por centro y visita será:


- 6º de Educación Primaria: máximo 50
- 2º de Educación Secundaria Obrigatoria: máximo 50

*Este número de alumnos/as poderá variar en función da empresa visitada

CALENDARIO DO PROGRAMA:

- **Xornadas de fomento do emprendemento para 2º curso de Educación Secundaria**
Desenvolveranse todos os venres dende novembro de 2014 ata maio de 2015
- **Actividades de fomento do emprendemento para 6º de Educación Primaria:**
Desenvolveranse todos os venres dende novembro de 2014 ata maio de 2015
- **Concurso "Atrévete a ter unha idea":**
Dirixido ao alumnado participante neste programa. Consiste en buscar unha boa idea de negocio, redactada como máximo en dous folios. Os traballos serán individuais. Premiarase con dous e-books, en cada caso, as dúas mellores ideas de 6º de Educación Primaria e de 2º curso de ESO.

En xuño levarase a cabo a clausura do programa nun acto público ao que estarán invitados representantes do mundo da empresa e da Administración educativa. Durante o acto farase entrega dos premios do concurso.





ACTIVIDADES DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO 6º PRIMARIA	
09.50h	Chegada ao Centro Integrado de Formación Profesional de referencia
10.00h	Benvida
10.10h	Charla: Qué é emprender?
11.10h	Experiencias emprendedoras na comarca (Empresarios/Representantes da Asociación de Empresarios)
11.30h	Visita ao Centro Integrado de Formación Profesional

XORNADAS DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO 2º ESO	
10.00h	Benvida dos representantes da Asociación de Empresarios
10.30h	Reunión cun emprendedor ou emprendedora
11.00h	Visita a unha empresa da Asociación de Empresarios

* O remate da actividade dependerá da empresa visitada

LUGAR:

PROVINCIA	ACTIVIDADES 6º Primaria	XORNADAS 2º ESO
A CORUÑA	CIFP SOMESO (A Coruña)	Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña) Visita á empresa
	CIFP Ferrolterra (Ferrol)	Asociación de Empresarios de Ferrolterra (Ferrol) Visita á empresa
	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela)	Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela) Visita á empresa
PROVINCIA	ACTIVIDADES 6º Primaria	XORNADAS 2º ESO
LUGO	CIFP Politécnico de Lugo (Lugo)	Asociación Polígono Industrial do Ceao (Lugo) Visita á empresa
PROVINCIA	ACTIVIDADES 6º Primaria	XORNADAS 2º ESO
OURENSE	CIFP A Farixa (Ourense)	Asociación á Asociación de Empresarios de San Cibrao (Ourense) Visita á empresa
PROVINCIA	ACTIVIDADES 6º Primaria	XORNADAS 2º ESO
PONTEVEDRA	CIFP Manuel Antonio (Vigo)	Asociación de Empresarios do Polígono de Ás Gándaras (Porriño) Visita á empresa

